



Enquisa de poboación activa. O emprego das persoas con discapacidade

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

O obxectivo desta actividade estatística é coñecer a situación das persoas con discapacidade e a súa integración no mercado laboral. Máis concretamente, invéstigase:

- As características demográficas, laborais e educativas das persoas con discapacidade.
- A igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade no ámbito laboral. A discapacidade desde a perspectiva de xénero.
- A tipoloxía dos fogares nos que residen persoas con discapacidade e a situación laboral dos seus membros.
- A prevalencia e gravidade da discapacidade.
- O nivel de protección que reciben as persoas con discapacidade: prestacións, incentivos para a incorporación o mercado laboral e o recoñecemento da situación de dependencia.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é o colectivo de persoas de **16 a 64 anos** cun grado de discapacidade superior ou igual o 33% e asimilados (Real decreto legislativo 1/2013) e que residen en vivendas familiares principais.

Segundo o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, considéranse persoas con discapacidade oficialmente recoñecida aquelas cun grado de discapacidade superior ou igual ao 33%. Ademais, este Real decreto establece que se considerará que presentan unha discapacidade en grado igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grado de total, absoluta ou gran invalidez, xunto cos pensionistas de clases

pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

Períodos de referencia

O período de referencia dos datos é anual. Crúzanse os microdatos da Enquisa de poboación activa de cada un dos catro trimestres do ano coa Base de datos estatal de persoas con discapacidade (a 31 de decembro do ano anterior ao de referencia). Os datos correspóndense cunha media anual.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

Certificado de discapacidade: é o recoñecemento administrativo da discapacidade. O seu obxectivo é compensar as desvantaxes sociais que a discapacidade implica, proporcionando acceso a dereitos e prestacións de distinto tipo, con vistas a equiparar oportunidades.

Para a concesión deste certificado é preciso que a valoración do grado de discapacidade outorgada sexa superior ou igual ao 33%. A clasificación do grado de discapacidade responde a criterios técnicos unificados, e serán obxecto de valoración tanto as discapacidades que presente a persoa, como, no seu caso, os factores sociais que dificulten a súa integración social.

Dependencia: estado de carácter permanente no que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade, e ligadas á falta ou perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención de outras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal.

Discapacidade: Segundo a OMS enténdese por discapacidade a restrición ou ausencia de capacidade para realizar unha actividade, en forma ou dentro da marxe que se considera normal para un ser humano.

A efectos desta estatística considéranse persoas con discapacidade aquelas cun grao de discapacidade superior ou igual ao 33 % e asimilados, segundo o RD Lexislativo 1/2013.

Poboación activa: é o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. Comprende a todas as persoas de 16 a 64 anos que durante a semana de referencia satisfán as condicións para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

Poboación inactiva: abarca a todas as persoas de 16 a 64 anos, non clasificadas como ocupadas nin paradas nin poboación contada aparte durante a semana de referencia, segundo os criterios da Organización Internacional do Traballo (OIT).

Poboación ocupada: son as persoas de 16 a 64 anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Poboación parada: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 a 64 anos, que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.
- Dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Taxa de actividade: é o cociente entre o total de activos e a poboación de 16 a 64 anos.

Taxa de emprego: é o cociente entre o total de ocupados e a poboación de 16 a 64 anos.

Taxa de paro: é o cociente entre o número de parados e o número de activos.

Tipo de discapacidade: dende o ano de referencia 2024, os resultados por tipo de discapacidade preséntanse segundo a clasificación CIE-10, implantada na BEPD (IMSERSO), fonte administrativa utilizada para a identificación do colectivo.

4. Unidades de análise e mostraxe

Unidades de análise

Persoas de 16 a 64 anos con discapacidade e os fogares dos que son membros.

Unidades de mostraxe

Considérase como unidade de mostraxe a vivenda familiar principal e como unidade última de mostraxe as persoas que residen nesa vivenda. A unidade primaria de mostraxe é a sección censal e a vivenda será a unidade de segunda etapa.

5. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

Para a selección da mostra da EPA utilízase unha mostraxe bietápica con estratificación das unidades de primeira etapa para cada provincia. As unidades de primeira etapa son as seccións do censo. As unidades de segunda etapa son as vivendas familiares principais e entrevístanse a todas as persoas que residen nestas vivendas. Unha vez que unha vivenda foi seleccionada para formar parte da enquisa, permanece nela durante seis trimestres consecutivos. Despois deste período substitúese por outra vivenda da mesma sección.

Tamaño da mostra

En Galicia selecciónanse un total de 468 seccións. O IGE recolle información en 234 seccións e o INE en outras 234 seccións.

Estimadores

Para a actividade estatística "O emprego das persoas con discapacidade" utilízanse os factores deducidos do deseño da EPA calibrados replicando o procedemento habitual na EPA trimestral, é dicir, calibrados por:

- Sexo, grupos quinquenais de idade e comunidades autónomas.
- Poboación de 0 a 15 anos e 16 ou máis anos por provincias.
- Total de españois e estranxeiros por comunidades autónomas.

Para axustar a poboación aos totais da Base de datos estatal de persoas con discapacidade (BEPD) e aos resultados publicados pola EPA para o ano de referencia engádense marxinais de calibrado adicionais:

- Marxinais da EPA (para comunidades autónomas, poboación de 16-64 anos):
 - Ocupados por sexo
 - Parados por sexo
 - Inactivos por sexo
- Marxinais da BEPD (para comunidades autónomas, poboación de 16-64 anos):
 - Sexo
 - Grupos de idade (16-24, 25-44, 45-64)
 - Número de persoas segundo o tipo de discapacidade (9 grupos).
 - Número de persoas segundo o grado de discapacidade (33- 44%, 45-64%, 65- 74%, 75% e máis).
- Marxinais incapacidade permanente (para comunidades autónomas):
 - Sexo

Unha vez asignados os factores, únense os catro ficheiros trimestrais de cada ano, calcúlase a súa media e elabóranse as táboas de resultados. Hai que ter en conta que os resultados da EPA de variables non calibradas non coinciden cos obtidos nesta operación estatística.

$$\hat{Y} = 1/4 \sum_h F_h Y_h = \sum_h \frac{F_h}{4} Y_h$$

Onde:

Y_h é o valor da característica no trimestre h .

\hat{Y} é a media anual obtida coa unión dos catro ficheiros trimestrais.

F_h é o factor de elevación calibrado.

6. Recollida da información

Esta actividade estatística utiliza a información derivada do cruce da Enquisa de poboación activa (EPA) coa Base de datos estatal de persoas con discapacidade (BEPD) do IMSERSO. Complementábase coa información sobre pensións, dependencia e medidas de fomento do emprego procedentes do Rexistro de prestacións públicas do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), do Sistema para autonomía e situación de dependencia (SISAAD) do IMSERSO e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, respectivamente.

Para efectuar o cruce da EPA e a BEPD en primeiro lugar asígnanse identificadores (DNI ou número de identificación de estranxeiros) a cada unha das persoas de 16 a 64 anos entrevistadas na EPA, cotexando os rexistros da enquisa co Padrón municipal de habitantes.

Simultaneamente, depúrase a BEPD, para asegurar unha correcta identificación de todos os seus rexistros e para eliminar as persoas falecidas e as residentes en colectivos.

A continuación crúzase cada trimestre da EPA coa BEPD, engadindo á información da enquisa a procedente da fonte administrativa.

Finalmente, realízanse novos cruces a nivel de persoa utilizando información sobre pensións, dependencia e medidas de fomento do emprego. O INSS facilita datos do Rexistro de prestacións sociais públicas, co que se poden engadir datos sobre as persoas que teñen recoñecida unha prestación, xa sexa contributiva ou non contributiva e estea derivada dunha incapacidade. Esta información permite identificar aos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grado de total, absoluta ou gran invalidez, e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

O ficheiro de Altas da Seguridade Social permite incorporar información sobre a repercusión das medidas aprobadas para a mellora na accesibilidade ao emprego das persoas con discapacidade.

Coa información do SISSAD inclúese no estudo información sobre se a persoa con discapacidade consta ademais como persoa en situación de dependencia.

Fontes de información

- A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua, por mostraxe e de periodicidade trimestral dirixida ás persoas que residen en vivendas familiares principais. A principal finalidade da EPA é dar datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo (ocupados, parados, activos e inactivos).
- A Base de datos estatal de persoas con discapacidade (BEPD) contén os datos de todas as persoas residentes en España que solicitaron a valoración do grao de discapacidade e considérase como persoa con discapacidade a todas as recoñecidas cun grado de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) é a entidade responsable do rexistro de prestacións públicas. Este rexistro permite identificar ao colectivo de pensionistas que se considera que presentan unha discapacidade en grado igual ou superior ao 33% segundo o Real decreto legislativo 1/2013.

- A Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS) encárgase de adoptar medidas para fomentar o emprego dos traballadores con discapacidade. Entre elas destacan as destinadas a fomentar o emprego ordinario: ben a través de incentivos como subvencións, bonificacións e reducións nas cuotas de cotización; ben a través do establecemento dunha cuota de reserva nas empresas destinada ao emprego de discapacitados.
- O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) do IMSERSO xestiona parte dos servizos e prestacións económicas destinados á promoción da autonomía persoal, a atención y a protección ás persoas en situación de dependencia.